



CONCELLO DE REDONDELA

**Ref: ASR-31.12.16.13**

**De: Intervención Municipal**

**A: Alcalde-Presidente.**

**Asunto: Informe sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria correspondente á prórroga de orzamento do ano 2016.**

De acordo co establecido no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, así como no disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a Intervención Municipal emite o seguinte informe en canto o cumprimento da estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e o límite de débeda:

Debe facerse mención no respecto á regra de gasto, que as últimas modificacións lexislativas estableceron a non obrigatoriedade do cálculo da regra de gasto no momento da elaboración do orzamento e polo tanto o mesmo pode dicirse para o caso da prórroga do mesmo.

#### **A) Lexislación aplicable:**

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.
- Artigos 162 a 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.
- Artigos 2 a 23 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Orde hap/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrucción do modelo normal de contabilidade local.
- Bases de Execución do Orzamento do Concello de Redondela.

#### **B) Estudio da estabilidade orzamentaria:**

Di o primeiro apartado do artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira que:



## CONCELLO DE REDONDELA

*“La elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de las Administraciones Públicas y demás entidades que forman parte del sector público se someterá al principio de estabilidad presupuestaria”.*

No seu cuarto apartado di o mesmo artigo que:

*“Las Corporaciones Locales deberán mantener una posición de equilibrio o superávit presupuestario.”*

É por elo que o Consello de Ministros en fecha 2 de decembro, establece coma obxectivo de estabilidade orzamentaria para as Corporacións locais no trienio 2017-2019 o equilibrio. Esta proposta foi aprobada polo Congreso dos Deputados o día 7 de decembro de 2016.

Seguindo o disposto no artigo 19.3 do Real Decreto Legislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, as entidades locais, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus orzamentos ó principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC).

Para cumprir isto, o artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, dispón que a Intervención Municipal con ocasión entre outras, da emisión do informe de Intervención sobre o Orzamento Xeral formado pola Presidencia, procederá a emitir informe do cumprimento do obxectivo de estabilidade imposto pola lei. Do contido de dito informe deberase dar conta ó Pleno, e se do mesmo desprendese que a entidade local non cumpre os obxectivos marcados, deberá darse traslado do mesmo á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais ou ó órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados dende o coñecemento do Pleno.

Primeira: Definición de estabilidade orzamentaria.

De acordo co exposto no artigo 19.3, defínese como a situación de estabilidade orzamentaria cando os ingresos dos capítulos 1 a 7 do orzamento de ingresos son iguais ou superiores ós gastos contemplados nos capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos. É dicir, entendese que o orzamento está en equilibrio ou ten superávit cando os ingresos non financeiros (principalmente, os que non proceden de operacións de crédito) son suficientes para financiar os gastos non financeiros (principalmente todos aqueles que non sexan amortización de operacións de crédito). A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte ós gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade inversora



## CONCELLO DE REDONDELA

municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

Segunda: Axustes nos gastos e ingresos dos estados contables.

Agora ben, o cómputo destes capítulos débese facer de acordo con criterios de contabilidade SEC, que non coincide exactamente coa contabilidade local, co cal, e de conformidade co citado artigo 16.3, o Interventor deberá facer os axustes necesarios para homoxeneizar os datos.

Para o cálculo de dita estabilidade vaise a seguir o establecido no manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE, e o formulario F.1.1.B1. do documento elaborado pola Subdirección Xeral de relacións financeiras coas Entidades Locais.

III.1. Rexistro de impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos (capítulos 1 a 3 do capítulo de ingresos): compútanse seguindo o criterio de caixa, é dicir, só se teñen en conta os ingresos efectivamente recadados tanto do exercicio corrente coma de exercicios pechados, non os dereitos recoñecidos. As cifras que se arrojan son as seguintes:

CAPÍTULOS	PREVISIÓNS INGRESOS ANO 17	PREVISIÓN COBROS ANO 2017	COBROS ANOS ANTERIORES	AXUSTE	
				MAIOR DÉFICIT	MENOR DÉFICIT
<b>1. IMPOSTOS DIRECTOS</b>	7.171.923,58 €	5.724.430,85 €	570.457,57 €	877.035,16 €	
<b>2. IMPOSTOS INDIRECTOS</b>	250.000,00 €	120.539,68 €	0,00 €	129.460,32 €	
<b>3. TAXAS E OUTROS ING</b>	2.391.995,00 €	1.517.002,10 €	500.522,30 €	374.470,60 €	
<b>TOTAL</b>	<b>9.813.918,58 €</b>	<b>7.361.972,63 €</b>	<b>1.070.979,87€</b>	<b>1.380.966,08 €</b>	

As cifras de cobros no ano 2017 e as de cobros de anos anteriores, correspóndense as que constan no informe de estabilidade para a aprobación do orzamento do ano 2016.

III.2. Tratamento das entregas a conta de impostos cedidos, do fondo complementario de financiamento e do fondo de asistencia sanitaria: non se prevén, polo que non se practica ningún axuste.

III.3. Tratamento dos xuros: de acordo co citado manual, debe procederse a un axuste por devengo, isto é será maior déficit por aqueles xuros devengados no ano 2017 que se recoñecen no ano seguinte dende o punto de vista orzamentario e menor déficit por aqueles xuros que se recoñecen no ano 2017 dende o punto de vista orzamentario, pero que se devengaron no ano 2016. En todo caso, debe terse en



## CONCELLO DE REDONDELA

conta que son previsións. De acordo cos datos aportados pola Tesourería deste Concello, obtense que

GASTOS	CONTABILIDADE ORZAMENTARIA	CONTABILIDADE NACIONAL		AXUSTE	
	CRÉDITOS INICIAIS	INTERESES DEVENGADOS EXERC ANTERIORES	INTERESES DEVENGADOS EXERC 2015	MENOR DEFICIT	MAIOR DEFICIT
XUROS	157.018,57 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

III.4. Investimentos realizados polo sistema de abono total do prezo: este Concello non ten ningún tipo deste contrato, polo que non é preciso facer ningún axuste.

III.5. Investimentos realizados por conta de Corporacións Locais: non se ten previsto neste Concello que ocorra esta situación.

III.6. Consolidación de transferencias entre Administracións Públicas: os ingresos procedentes de transferencias, tanto corrente (capítulo 4) como de capital (capítulo 7) se contabilizan de acordo co criterio contable do ente pagador. Isto quere dicir que un ingreso nestes capítulos se contabiliza como tal cando a Administración que fai o pago o contabiliza como gasto na súa contabilidade. A aplicación práctica deste principio pode ocasionar problemas, posto que de ordinario, hai administracións públicas coma a Xunta de Galicia que non comunica esta información ó ente beneficiario, polo que se adoptaron os seguintes criterios á hora de computar o ingreso:

- i. Obviamente, se o ingreso se efectuouse na Tesourería municipal, contabilízase como tal.
- ii. Igualmente se contabiliza coma ingreso cando a Administración ou ente concédente da subvención ou transferencia comunica ó Concello por escrito que procedeu a recoñecer a correspondente obriga a favor do Concello.

III.7. Tratamento dos ingresos obtidos polas vendas de accións: non se prevé ningún ingreso neste Concello de tal natureza.

III.8. Tratamento dos dividendos e participación dos beneficios: non ha houbo, polo que non se practica ningún axuste.

III.9. Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea: no orzamento deste ano prorrogado non se recollen actuacións dentro do programa Marisma+.

Búscase neste axuste que os ingresos que deben contra na estabilidade orzamentaria sexan os correspondentes ós certificados e non os dereitos recoñecidos na contabilidade do ente local. Así, uns dereitos recoñecidos menores á achega europea



## CONCELLO DE REDONDELA

en función do gasto certificado sería un axuste de menor déficit e viceversa: uns dereitos recoñecidos superiores á achega europea en función do gasto certificado suporía un axuste de maior déficit.

Atopámonos que este axuste ten sentido no momento da liquidación posto que a partir das previsións do orzamento non se ten coñecemento nin dos dereitos recoñecidos que se prevén liquidar nin das certificacións que se prevé enviar ó organismo competente. En todo caso, no ano 2016 a día de hoxe o Concello non recoñeceu dereito por non estar ingresado. En todo caso, o criterio que se segue é recoñecer o dereito polas certificacións expedidas e ingresadas adoptando por tanto un criterio de caixa. Polo tanto, enténdese por esta Intervención coma o mais axeitado non adoptar ningún axuste neste apartado.

A explicación para esta decisión atópase en que respecto ás previsión de ingresos non recollen ningún tipo de ingresos por parte do FEDER, polo que de terse ingresado algún tipo de certificación dende o punto de vista de estabilidade orzamentaria a súa repercusión vai a ser neutra, posto que por un lado vai a aumentar os dereitos recoñecidos netos e por outro lado, vai a supor un axuste negativo polo mesmo importe que se ingresou.

III.10. Operacións de permuta financeira: non se deu esta casuística neste Concello.

III.11. Operacións de execución e reintegro de avales: no ano 2017 o Concello non prevé atender a execución de ningún.

III.12. Achegas de capital a empresas públicas: este Concello non recolle ningunha operación deste tipo no seu orzamento, polo que non existe ningún tipo de axuste.

III.13. Asunción e cancelación de débedas de empresas públicas: tampouco se espera que se de esta casuística neste Concello.

III.14. Estes son os gastos recollidos na conta 413, no seu haber polo importe dos pendentes de aplicar a 31 de decembro e, no seu debe, polos aplicados ó longo do exercicio, procedentes do exercicio anterior. Os primeiros aumentan o déficit en termos de contabilidade nacional, os segundos o minoran, pois xa o incrementaron o ano anterior e neste volven a incrementalalo mediante a súa aplicación a un orzamento dun exercicio onde non se produzo o gasto, polo que debe compensarse esta dobre imputación mediante un axuste positivo. Pero este axuste como se pode entender é aplicable na fase de liquidación do exercicio. Debe considerarse o disposto no Manual da IGAE de cálculo do déficit, páxinas 89 e seguintes, xa que non se trata so do gasto que se coñece coma extraxudicial de crédito, seno tamén de aquel que non se pode tramitar administrativamente antes de finalizar o exercicio.

Este axuste en termos orzamentarios, que tamén se recolle nos modelos de formularios colgados na Oficina Virtual referidos ós datos do orzamento de 2016, debería recoller a previsión de saldo entre o gasto que non se poida aplicar ó



## CONCELLO DE REDONDELA

orçamento durante o 2017, algo incerto e difícil de saber nestes momentos e o gasto que se imputará a 2017 procedente de anos anteriores, que coma non está cerrado, a día de hoxe descoñécese que importe se imputará. Entende esta Intervención, que non establecer ningún tipo de axuste é o mais axeitado dende un punto de vista da prudencia posto que se o final existira algún tipo de importe que non fora recoñecido ó finalizar o exercicio sería un axuste positivo e en todo caso, podería entenderse que a mesma cantidade podería quedar pendente de ingreso ó finalizar o ano 2017:

GASTOS	CONTABILIDADE ORZAMENTARIA	CONTABILIDA DE NACIONAL	AXUSTE	
	OBRIGAS RECOÑECIDAS	IMPORTE	MENOR DEFICIT	MAIOR DEFICIT
TOTAL	-- €	-- €	-- €	-- €

III.15. Tratamento das operacións de censos: non se prevén, polo que non se practica ningún axuste.

Diciase ó principio deste informe que os criterios para o cálculo eran os do manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais –vistos ata o de agora- e os do formulario F.1.1.B1. do documento elaborado pola Subdirección Xeral de relacións financeiras coas Entidades Locais e que a maiores presentan:

GR001. Axuste por liquidación da PTE 2009 e 2013:

Outro axuste que cabe realizar constitúeo o importe que debe reintegrarse durante 2017 ó Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente ós exercicios 2008 e 2009 polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingresos por este concepto no 2016. Axuste que deberá realizarse, como é o caso, de orzamentar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio. Concretamente:

Axuste por liquidación de PTE 2009: 17.841,19 €

Axuste por liquidación de PTE 2013: 36.417,60 €

GR006b. Diferencias de cambio: non se prevé ningún tipo de axuste por este concepto.

GR015 Axuste por grado de inexecución do gasto: nas corporacións locais a execución orzamentaria final adoita presentar desviacións respecto dos créditos iniciais do orzamento. Por este motivo para o cálculo do gasto computable nos orzamentos iniciais realizárase un “axuste por grado de execución do gasto” que



## CONCELLO DE REDONDELA

reducirá ou aumentará os empregos non financeiros.

O axuste por grado de execución do orzamento do ano 2017 será o resultado de aplicar a porcentaxe estimada do grado de execución de dito orzamento, ó importe dos créditos por operacións non financeiras (Capítulos 1 a 7) do orzamento de gastos, no caso do capítulo 3 Gastos Financeiros, unicamente incluíranse os créditos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así coma os créditos por execución de avais.

A porcentaxe estimada do grado de execución do orzamento do ano terá coma límite, superior ou inferior, a media aritmética das porcentaxes do grado de execución dos créditos por operacións non financeiras do orzamento de gastos dos tres exercicios anteriores, una vez eliminados valores atípicos. Dita media calcularase coma a diferenza entre as obrigas recoñecidas de cada ano entre os créditos iniciais e ó resultado menos un.

No caso de que a media sexa negativa suporá un axuste negativo (menor déficit), mentres que se é positivo suporá un axuste positivo (maior déficit).

Polo tanto, os exercicios a aplicar son os dos anos 2014, 2015 e 2016, coa particularidade de que neste último caso, recóllense datos provisionais. Da análise dos citados exercicios, obtense os seguintes datos:

	<b>ANO 2014</b>	<b>ANO 2015</b>	<b>ANO 2016</b>
<b>OBRIGAS RECOÑECIDAS</b>	15.693.722,53 €	17.408.537,30 €	15.344.945,79 € <sup>1</sup>
<b>CRÉDITOS INICIAIS</b>	17.095.385,22 €	15.358.920,38 €	17.200.844,89 €

Polo que se refire ós valores atípicos e de acordo co establecido nas respostas do ministerio de Facenda, entre outros estarán todos aqueles *“gastos financiados con subvenciones finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones Públicas, dado que estos gastos no se incluyen en el cálculo del gasto computable para la determinación de la regla de gasto”*. Sendo así, obtense que os gastos financiados con fondos finalistas das Administracións Públicas foron os seguintes:

	<b>ANO 2014</b>	<b>ANO 2015</b>	<b>ANO 2016</b>
<b>VALORES ATÍPICOS</b>	2.166.344,16 €	3.574.867,03 €	1.014.302,91 € <sup>2</sup>

Polo tanto, obtense que:

	<b>ANO 2014</b>	<b>ANO 2015</b>	<b>ANO 2016</b>
<b>OBRIGAS RECOÑECIDAS</b>	15.693.722,53 €	17.408.537,30 €	15.344.945,79 €
<b>VALORES ATÍPICOS</b>	2.166.344,16 €	3.574.867,03 €	1.014.302,91 €

<sup>1</sup> A día de hoxe, 29 de decembro, as obrigas recoñecidas do capítulo 1 a 7 mais 1.000.000 €.

<sup>2</sup> Só se ten en conta os DRN do capítulo 4 exceptuando a PTE e o FCL.



CONCELLO DE REDONDELA

<b>CRÉDITOS INICIAIS</b>	17.095.385,22 €	15.358.920,38 €	17.200.844,89 €
<b>PORCENTAXE ((OR/CI)-1)</b>	-20,87%	-9,93%	-16,69%

A media das anteriores porcentaxes ascende a -15,83%, que aplicado os créditos iniciais dos capítulos 1 a 7 de gastos minorados polo importe do capítulo 3 salvo aqueles gastos de dito capítulo referidos a gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións non financeiras obtense un axuste de menor déficit de -2.722.795,98 €<sup>3</sup>.

GR008a Arrendamento financeiro: non existe ningún arrendamento financeiro vixente e tampouco se prevé a súa contratación.

GR008b Contratos de asociación público privada (APPs): non existe ningunha previsión.

GR019 Préstamos: o Concello non prevé ter fallidos en ningún préstamo.

Terceira: Resultado de estabilidade orzamentaria.

Se temos en conta que os datos que presenta o orzamento prorrogado do ano 2016 no seu estado consolidado cos Orzamentos do Concello de Redondela e os Estados de previsión de gastos e ingresos da sociedade mercantil Radio Redondela, S.L.:

<b>GASTOS</b>		<b>CRÉDITOS INICIAIS</b>
GASTOS DE PERSOAL	CAP.1	6.192.725,53 €
GASTO CORRENTE	CAP.2	7.472.686,14 €
GASTOS FINANCEIROS	CAP.3	157.018,57 €
TRANSFERENCIAS CORRENTES	CAP.4	1.094.684,88 €
INVESTIMENTO	CAP.6	1.238.447,96 €
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	CAP.7	400,00 €
<b>TOTAL CAPÍTULOS 1 A 7 (A)</b>		<b>16.155.963,08€</b>
ACTIVOS FINANCEIROS	CAP.8	36.000,00 €
PASIVOS FINANCEIROS	CAP.9	1.109.525,60 €
<b>TOTAL CAPÍTULOS 8 A 9 (C)</b>		<b>1.145.525,60 €</b>

<sup>3</sup> -15,83%\*17.200.844,89 €





CONCELLO DE REDONDELA

<b>INGRESOS</b>		<b>PREVISIONS INICIAIS</b>
IMPOSTOS DIRECTOS	CAP.1	7.171.923,58 €
IMPOSTOS INDIRECTOS	CAP.2	250.000,00 €
TAXAS E OUTROS INGRESOS	CAP.3	2.391.995,00 €
TRANSFERENCIAS CORRENTES	CAP.4	7.774.861,49 €
INGRESOS PATRIMONIAIS	CAP 5	38.608,99 €
ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS	CAP.6	0,00 €
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	CAP.7	160.000,00 €
<b>TOTAL CAPÍTULOS 1 A 7 (A)</b>		<b>17.787.389,06€</b>
ACTIVOS FINANCEIROS	CAP.8	36.000,00 €
PASIVOS FINANCEIROS	CAP.9	680.000,00 €
<b>TOTAL CAPÍTULOS 8 A 9 (C)</b>		<b>716.000,00 €</b>

Practicados os axustes expostos, o resultado do análise de estabilidade orzamentaria derivada da aprobación do orzamento do ano 2014 queda como sigue:

<b>AXUSTES</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>GR000 Axustes recadación capítulo 1</b>	<b>-1.350.103,95€</b>
<b>GR000b Axustes recadación capítulo 2</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR000c Axustes recadación capítulo 3</b>	<b>-393.004,96 €</b>
<b>GR001 Axuste por liquidación PIE-2008</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR002 Axuste por liquidación PIE-2009</b>	<b>17.841,14 €</b>
<b>GR002b Axustes por liquidación PTE de exercicios distintos a 2008 e 2009</b>	<b>36.417,60 €</b>
<b>GR006 Xuros</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR006b Diferencias de cambio</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR015 (+/-) Axuste por inexecución do gasto</b>	<b>+2.722.795,98€</b>
<b>GR009 Investimentos realizados por conta da</b>	<b>0,00 €</b>



CONCELLO DE REDONDELA

<b>Corporación Local</b>	
<b>GR004 Ingresos por venda de accións (privatizacións)</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR003 Dividendos e participacións en beneficios</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR016 Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR017 Operacións de permuta financeira (SWAPS)</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR018 Operacións de reintegro e execución de avais</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR012 Achegas de capital</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR013 Asunción e cancelación de débedas</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR014 Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ó orzamento</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR008 Adquisicións con pago aprazado</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR008a Arrendamento financeiro</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR008b Contratos de asociación público privada</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR010 Investimentos realizados pola Corporación Local por conta doutra Administración Pública</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR019 Préstamos</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR020 Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a orzamento</b>	<b>-75.505,25 €</b>
<b>GR021 Consolidación de transferencias con outras administracións públicas</b>	<b>0,00 €</b>
<b>GR99 Outros</b>	<b>-1.019.200,90€<sup>4</sup></b>
<b>TOTAL AXUSTES</b>	<b>-60.760,34 €</b>

<sup>4</sup> Esta cantidade está formada polas previsións iniciais de ingresos do orzamento prorrogado e que xa non se van a recoñecer. Por un lado a totalidade de subvencións de capital que finalizado o prazo para a súa execución non se teñen executado e que ascenden a 160.000 € en subvencións de capital, 293.416,36 € en subvencións correntes que corresponden a 83.416,36 € (fomento de emprego), 5.700 € (escola de música), 36.300 € (conservatorio de música) e 168.000 € (subvención gastos correntes ) e 565.784,54 €, que corresponde á redución prevista na recadación no imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana.



## CONCELLO DE REDONDELA

Por tanto

<b>PREVISIÓNS INGRESOS NON FINANCEIROS</b>	<b>17.787.389,06 €</b>
<b>PREVISIÓNS GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>16.155.963,08 €</b>
<b>AXUSTES</b>	<b>-60.760,34 €</b>
<b>CAPACIDADE/NECESIDADE FINANCIAMENTO</b>	<b>1.570.665,64 €</b>

No Orzamento prorrogado para o ano 2017, non se incorre en incumprimento de estabilidade orzamentaria por canto da análise comparativo dos capítulos de gastos financeiros (1.145.525,60 €) e ingresos financeiros (716.000,00 €) se deduce un superávit orzamentario financeiro (429.525,60 €) e que se financia con parte do superávit orzamentario non financeiro (Capítulos 1 a 7 de ingresos fronte ós Capítulos 1 a 7 de gastos).

### Cuarto: Consecuencias

De acordo cos datos expostos, o orzamento que se presenta para a súa aprobación está nunha situación de estabilidade orzamentaria por importe de 714.696,86 € xa que partindo de maiores ingresos nos capítulos 1 a 7 que os gastos nos mesmos capítulos e aínda que os axustes en ingresos son claramente negativos, estes vense compensados debido principalmente a que neste Orzamento non se prevé acudir ó mercado de capitais para financiar o capítulo de investimentos e pola inexecución do gasto.

### **C) Regra de gasto.**

O artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ó Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a Regra del Gasto se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local entre dous exercicios económicos non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

En concreto, o 2 de decembro de 2016, o Goberno aprobou e elevou ó Congreso, xunto ós obxectivos de déficit público (0%) e de débeda pública (2,9% do PIB no 2017, e 2,8% no 2018 e 2,7% no 2019) para o período 2017-2019, a regra de gasto para os orzamentos do 2017, 2018 e 2019, isto é, 2,1%, 2,3% e 2,5% respectivamente.



## CONCELLO DE REDONDELA

Para a determinación do gasto computable, o apartado dous do citado artigo 12 establece que:

*“2. Se entenderá por gasto computable a los efectos previstos en el apartado anterior, los empleos no financieros definidos en términos del Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, excluidos los intereses de la deuda, el gasto no discrecional en prestaciones por desempleo, la parte del gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones Públicas y las transferencias a las Comunidades Autónomas y a las Corporaciones Locales vinculadas a los sistemas de financiación.”*

Para a determinación de dito gasto computable seguirase o establecido na “Guía para la determinación de la Regla de Gasto del artículo 12 de la LOEPSF para corporaciones locales, 3ª edición”, editado pola Intervención Xeral do Estado (IGAE).

Por outro lado, a Orde Ministerial HAP/2105/2012 que desenvolve as obrigas de subministro de información, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, publicada no BOE o día 8 de novembro, suprimiu respecto ó cumprimento da regra de gasto, o Informe de Intervención antes do 31 de xaneiro de cada ano, de avaliación de cumprimento da regra de gasto coa remisión do orzamento aprobado, e establece que deberá efectuarse unha “valoración” trimestral da regra de gasto en fase de execución referida a 31 de decembro (artigo 16.4 da Orde) e unha avaliación final do cumprimento da regra de gasto na liquidación do orzamento (artigo 15.4.e).

Igualmente a contestación á consulta á Subdirección Xeral de Estudos e Financiación de Entidades Locais do MINHAP de data 5 de decembro de 2014 formulada polo Colexio Nacional de Secretarios e Interventores de Administración Local (COSITAL), estima que non é obrigatorio o cálculo da regra de gasto con ocasión da redacción e aprobación dos orzamentos anuais.

Por todo elo, diferirase a verificación do cumprimento da regra de gasto do exercicio 2017 ó momento establecido pola Orde HAP/2082/2014, isto é o da súa liquidación.

Esta decisión prodúcese tamén pola dificultade de dar unha cifra correcta da liquidación do ano 2016.

### **D) Estabilidade orzamentaria e Regra de gasto en Radio Redondela.**

Trala clasificación de Radio Redondela dentro do sector das Administracións Públicas ós efectos de estabilidade orzamentaria, débese proceder ó cálculo da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto ó igual que para o Concello. Para elo, é debido ó escaso importe que presenta respecto ó orzamento do Concello de Redondela, vanse recoller os cadros utilizados no envío dos datos do orzamento para o terceiro trimestre na aplicación informática da oficina de coordinación financeira coas Entidades Locais:



CONCELLO DE REDONDELA

No referido á estabilidade orzamentaria:

CONCEPTO	IMPORTE PREVISTO 2017
<b>Ingresos a efectos de Contabilidade Nacional</b>	<b>68.000,00 €</b>
Importe neto de cifra negocios (axustado)	0,00 €
Traballos previsto realizar pola empresa para o seu activo	0,00 €
Ingresos accesorios e outros ingresos da xestión corrente	0,00 €
Subvencións e transferencias correntes	68.000,00 €
Ingresos financeiros por xuros	0,00 €
Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos)	0,00 €
Ingresos excepcionais	0,00 €
Achegas patrimoniais	0,00 €
Subvencións de capital previsto recibir	0,00 €
<b>Gastos a efectos de Contabilidade Nacional</b>	<b>-68.000,00 €</b>
Aprovisionamentos	-1.327,63 €
Gastos de persoal	- 57.936,51 €
Outros gastos de explotación	-8.735,86 €
Gastos financeiros ou asimilados	0,00 €
Imposto de sociedades	0,00 €
Outros impostos	0,00 €
Gastos excepcionais	0,00 €
Variacións do Inmobilizado material e intanxible; de investimentos inmobiliarios; de existencias	0,00 €
Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación da conta de PeG (1)	0,00 €
Aplicación de Provisións	0,00 €
Investimentos efectuados por conta de Administracións e Entidades Públicas	0,00 €
Axudas, transferencias e subvencións concedidas	0,00 €
<b>CAPACIDADE / NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DA ENTIDADE (SISTEMA EUROPEO DE CONTAS)</b>	<b>0,00 €</b>

Mentres que no caso da regra de gasto prodúcese o mesmo caso que xa se expuxera para o Concello.

**E) Consolidación dos datos:**

O cumprimento das magnitudes debe facerse en termos consolidados. Deste xeito, tomando os valores de Radio Redondela e o Concello obtense que, no referido na



CONCELLO DE REDONDELA

estabilidade orzamentaria:

ENTIDADE	Ingresos non financeiros	Gastos non financeiros	Axustes	Axustes por operacións internas	Capacidade/ Necesidade Financiamento
<b>Concello</b>	17.787.389,06€	16.155.963,08€	-60.760,34 €	0,00 €	1.570.665,64 €
<b>Radio Redondela</b>	68.000,00 €	68.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

**Capacidade/Necesidade Financiamento da Corporación Local: 714.696,86 €**

**F) Límite de gasto non financeiro.**

O artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira fala dun límite de gasto non financeiro. Neste sentido establece que as Entidades Locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos. De acordo con consultas publicadas polo Ministerio de Facenda, recóllese que o límite de gasto non financeiro será o menor do calculado segundo a estabilidade orzamentaria, e segundo a regra de gasto. Utilízase neste caso a comparación co obxectivo de estabilidade orzamentaria, dado que non se calcula a regra de gasto neste momento.

Outro xeito de cálculo sería o seguinte:

<b>CAPÍTULOS 1 A 7 DE GASTOS</b>	16.155.963,08€
<b>AXUSTES SEC DE GASTOS</b>	2.722.795,98 €
<b>GASTOS NON FINANCEIROS AXUSTADOS</b>	13.433.167,10 €
<b>CAPÍTULOS 1 A 7 DE INGRESOS</b>	17.787.389,06 €
<b>AXUSTES SEC DE INGRESOS</b>	1.764.335,42 €
<b>INGRESOS NON FINANCEIROS AXUSTADOS</b>	16.023.053,64 €
<b>VERIFICACIÓN CUMPRIMENTO OBXECTIVO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA</b>	<b>+2.589.886,54 €</b>

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro, que se expresa en termos orzamentarios, engadimos o superávit así calculado ós gastos considerados:

<b>TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO EN EQUILIBRIO</b>	<b>16.023.053,64 €</b>
--	------------------------

**G) Cumprimento do límite da débeda.**

O artigo 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira establece a obriga de non rebasar o límite de



## CONCELLO DE REDONDELA

débeda pública que foi fixado no 2,9% do PIB no 2017, e 2,8% no 2018 e 2,7% no 2019.

Considerando que para a Administración Local non se estableceu en termos de ingresos non financeiros o obxectivo, e que resultan de aplicación os que xa establecía o artigo 53 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, faise o cálculo deste límite utilizando os mesmos parámetros que se estableceron no modelo deseñado pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais para a remisión de información por parte do Interventor municipal con motivo do Orzamento 2013, e que se cumprimenta a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e que utiliza un criterio máis amplo para determinar o volume de débeda, que o que se viña utilizando para estimar a porcentaxe de débeda viva en termos do citado artigo para novas concertacións de préstamos. Inclúe o importe obtido mediante factoring sen recurso, referíndose a operacións nas que se ceden ou endosan a entidades financeiras obrigas de pago que supoñen débeda para o Concello, operacións de leasing, así coma o importe dos pagos aprazados, aínda con reflexo orzamentario coma obrigas pendentes de pago, e tamén o saldo dos importes a devolver polas liquidacións negativas da participación en ingresos do Estado de 2008 e 2009, polo que se entende que tamén a devolución do ano 2013.

O volume de débeda viva a 31.12.2017 en termos de porcentaxe sobre os ingresos correntes axustados minorando os ingresos afectados, é:

<b>(+) Suma dos ingresos previstos nos capítulos 1 a 5 do Orzamento</b>	17.627.389,06 €
<b>(-) Ingresos por multas coercitivas, ou derivados de convenios urbanísticos de planeamento, ou calesquera outros que expresamente foran declarados coma integrantes do patrimonio público do solo.</b>	0,00 €
<b>(-) Ingresos por actuacións de urbanización, tales coma o canon de urbanización, cuotas de urbanización, ou calquera outros deste carácter</b>	0,00 €
<b>(-) Aproveitamentos urbanísticos, e outros ingresos por aproveitamentos edificatorios distintos dos anteriores</b>	0,00 €
<b>(-) Ingresos por multas impostas por infraccións urbanísticas, expresamente afectados a operacións de igual carácter, que non se integren no patrimonio público do solo.</b>	0,00 €



CONCELLO DE REDONDELA

<b>(-) Contribucións especiais afectadas a operacións de capital</b>	0,00 €
<b>(-) Ingresos polo canon de mellora do servizo de auga ou canon de saneamento cando estea afectado, pola normativa sectorial, ó financiamento de inversións de capital relacionadas co servizo prestado, tales coma infraestruturas hidráulicas, ou redes de saneamento e depuración, entre outras.</b>	0,00 €
<b>(-) Aproveitamentos agrícolas e forestais de carácter afectado; en particular o Fondo de Mellora de Montes cando estea afectado á realización de inversións, tales coma a execución de melloras nos montes de titularidade municipal, ou a realización de melloras de interese forestal xeral da provincia.</b>	0,00 €
<b>(-) Outras concesións e aproveitamentos, afectados pola normativa aplicable ó financiamento de operacións de capital.</b>	0,00 €
<b>(-) Outros ingresos incluídos no Capítulo 1 a 5 afectados a operacións de capital distintos dos anteriores.</b>	0,00 €
<b>(-) Outros ingresos incluídos nos Capítulos 1 a 5 e non consolidables a futuro.</b>	0,00 €
<b>TOTAL INGRESOS CORRENTES A CONSIDERAR: (6)</b>	<b>17.627.389,06 €</b>
Débeda viva a 31.12.2017 (7) <i>(segundo anexo a este informe)</i>	<b>3.150.622,04 €</b>
Débeda formalizada non disposta a 31.12.2017 (8)	<b>600.000,00 €<sup>5</sup></b>
<b>Porcentaxe carga viva ( 7+8 / 6)</b>	<b>21,28 %</b>

**F.1.1.B3. Estado de**

<sup>5</sup> Este importe recolle unha operación de crédito prevista no 2016 e non realizada.





CONCELLO DE REDONDELA

<b><u>movemento e situación da débeda</u></b>	
<b>Concepto</b>	Débeda viva a 31-12-2016
<b><u>Operacións con Entidades de crédito</u></b>	<b>3.126.606,64 €</b>
<b>Con Entidades de Crédito Residentes</b>	3.126.606,64 €
Créditos a c/p (en euros)	0,00 €
Créditos a l/p (en euros)	3.126.606,64 €
RDL 5/2009	0,00 €
RDL 8/2011	0,00 €
RDL 4/2012	0,00 €
Outros créditos a l/p (en euros) sen operación de derivados asociada	3.126.606,64 €
Outros créditos a l/p (en euros) con operación de derivados asociada	0,00 €
<b><u>Factoring sen recurso</u></b>	0,00 €
<b><u>Avais executados</u></b>	0,00 €
a Entidades dependentes (Administracións Públicas)	0,00 €



CONCELLO DE REDONDELA

Resto de entidades dependentes	0,00 €
Entidades non dependentes	0,00 €
<b><u>Débedas con Administracións Públicas</u></b>	<b>24.015,40 €</b>
<b>Coa Administración Xeral do Estado</b>	0,00 €
Liquidación PIE - 2008	0,00 €
Liquidación PIE - 2009	0,00 €
Fondo de financiamento pago a provedores	0,00 €
Outros	24.015,40 €
<b>Coa Comunidade Autónoma</b>	0,00 €
<b>Coa Deputación</b>	0,00 €
<b>Coa Seguridade Social</b> (aprazado con cadro de amortización)	0,00 €
<b>Coa AEAT</b> (aprazado con cadro de amortización)	0,00 €
<b>Con outras Administracións Públicas</b>	0,00 €
<b><u>Outras operacións de crédito</u></b>	0,00 €



CONCELLO DE REDONDELA

<b>Arrendamentos financeiros</b>	0,00 €
<b>Pagos aprazados</b>	0,00 €
<b>Inversións con abono total de precio</b>	0,00 €
<b>Asociacións Público privadas (APP's)</b>	0,00 €
<b>Outras</b>	0,00 €
<b>TOTAIS:</b>	<b>3.150.622,04 €</b>

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e por debaixo do límite que estableceu o Real Decreto Lei 20/2011, do 75% e prorrogado tamén para o ano 2017 aplicable como límite para concertar novas operacións de préstamo durante o 2017. En todo caso, debe advertirse que cando haxa que facer o cálculo este é sobre dereitos liquidados, non previstos. A maiores, deberá terse en conta a modificación regulada polo Real Decreto-Lei 17/2014.

**F) Conclusión:**

Este é o meu informe que de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, elevo ó Señor Alcalde-Presidente respecto ó informe a emitir para a aprobación dos orzamentos prorrogados, e de onde de aplicación das cifras anteriores contense que:

-Cúmprese coa estabilidade orzamentaria.

**Dilixencia de Alcaldía para deixar constancia da recepción deste informe.**



CONCELLO DE REDONDELA

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.